



Eurosport 4K incorpórase á listaxe de canles do operador galego durante a emisión do Roland-Garros

R ofrecerá en calidade 4K o torneo de tenis Roland-Garros en Eurosport

- ***A retransmisión do Roland-Garros en Eurosport estará dispoñible dende hoxe ata o domingo 13 de xuño para todos os/as clientes/as de TV Total con deco Android 4K e sen custo adicional***
- ***A canle, que emite en 4K, incorpórase no dial 400 da televisión de R, dende onde se poderán seguir todos os partidos disputados na pista central do Roland-Garros***
- ***Esta aposta por ofrecer o torneo de tenis máis importante do mundo en máxima calidade de imaxe aos/as clientes/as de R enmárcase no acordo estratéxico pechado con Discovery***

Luns, 31 de maio de 2020.- R continúa a aumentar a súa oferta de entretemento dende o fogar reforzando o seu contido grazas ao acordo alcanzado con Discovery para emitir o prestixioso torneo de tenis Roland-Garros en calidade 4K a través da canle Eurosport 4K.

Eurosport ofrece integramente e en exclusiva a **125ª edición do Roland-Garros**, o segundo '*Grand Slam*' da tempada. A partir de hoxe, 31 de maio, e ata o domingo 13 de xuño, os/as clientes/as de TV Total de **R** poderán seguir sen custo adicional e no dial 400 do seu deco Android 4K todos os partidos que se disputen na pista central (Philippe-Chatrier) de Roland-Garros. E todo iso con tecnoloxía 4K, que garante a máxima calidade de emisión, capaz de cuadruplicar a resolución que ofrece a Alta Definición, HD ou High-Definition.

Ademais de gozalo en Eurosport 4k os/as clientes/as de **R** poderán vivir toda a emoción do torneo de terra batida máis importante do mundo a través de Eurosport 1 e Eurosport 2, co que se lles ofrecerá a mellor cobertura do '*Grand Slam*' aos afeccionados do mundo do tenis.

A incorporación de Eurosport 4K á proposta televisiva de **R** realizarase de forma automática en todos os decodificadores Android 4K dos/as clientes/as con TV Total, sen que estes/as teñan que facer nada para poder ver a nova canle, e sen custo adicional.

Esta aposta por Eurosport 4K únese ás diferentes iniciativas levadas a cabo por **R** para aumentar a súa oferta de entretemento dende o fogar e enmárcase no acordo estratéxico pechado con Discovery, e que este verán culminará coa retransmisión dos Xogos Olímpicos de Tokio 2020.

Toda a acción de Roland-Garros, só en Eurosport

Ademais de acompañar algúns/as dos/as representantes máis habituais nestas grandes citas como Rafa Nadal, Pablo Carreño, Garbiñe Muguruza ou Roberto Bautista, Eurosport seguirá moi de preto a un novo grupo de promesas do tenis español que está chamado a recoller a testemuña xeracional e que viaxará á capital parisiense para tentar chegar ao máis alto. Alejandro Davidovich, Paula Badosa, Carlos Alcaraz, Sara Sorribes, Roberto Carballés ou Aliona Bolsova... Todos eles e todas elas forman parte da '*Next Gen*' española do tenis e Eurosport realizará un seguimento especial das súas actuacións durante o torneo francés.

Para a gran cita en París, Eurosport contará con Alex Corretja, Anabel Medina e Jordi Arrese, que trasladarán a mellor análise de cada xornada xunto ao equipo de comentaristas e expertos/as. Un grupo inigualable que completan a nivel internacional grandes nomes como Mats Wilander, Barbara Schett, Chris Evert ou Mischa Zverev.

Ademais, o galardoado estudo de TV dixital '*The Cube*' regresa este Roland-Garros a Eurosport para ofrecer unha experiencia inmersiva na que os/as expertos/as poden relacionarse virtualmente con xogadores/as, adestradores/as e comentaristas dende distintos puntos do mundo para explicar os aspectos máis técnicos e trasladar os/as fans ao interior do propio torneo. Tecnoloxía punta ao servizo do deporte en Eurosport para ampliar a mellor cobertura dos principais eventos deportivos internacionais.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal

